



Xullo 2021

Protocolo

Plan de adaptación á situación
COVID-19 na Escola Municipal de
Música Magariños do Concello de
Brión



SERVIZO DE PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS
CONCELLO DE BRIÓN

ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN
2. OBXECTIVOS
3. MEDIDAS DE PREVENCIÓN BÁSICAS
4. MEDIDAS XERAIS DE PROTECCIÓN INDIVIDUAL
 - 4.1. Acceso ao centro.
 - 4.2. Permanencia no centro.
 - 4.3. Estancia nas aulas.
 - 4.4. Clases segundo a especialidade
 - 4.5. Concertos e audicións.
5. APARICIÓN DE SINTOMATOLOXÍA



Deputación
DA CORUÑA

Chegar a cada concerto,
estar con cada persoa.

Registro de Escolas de Música e Danza da Comunidade Autónoma de Galicia
Centro Código: 15032753

ESCOLA MUNICIPAL DE MÚSICA MAGARIÑOS

Av. Santa Minia, nº 70

15865-Brión (A Coruña)

Tlf. 981509903 | escolamusica@briondixital.org

www.esmumagarinos.com

1. INTRODUCCIÓN

O coronavirus SARS-COV-2 é un virus novo, descoñecido anteriormente na patoloxía humana. O reservorio destes virus é animal e algúns coronavirus teñen a capacidade de transmitirse ás persoas. De persoa a persoa transmítese por inhalación de microgotas de saliva que se desprenden ao esberrar, toser ou falar cando unha persoa está a menos de dous metros de distancia doutra. Tamén se pode dar infección a través das mans cando inicialmente tocamos superficies ou obxectos sobre os que se depositaron partículas virales e despois tocámonos a boca, os ollos ou o nariz. A enfermidade causada por este novo virus (SARS- COV-2) denominouse por consenso internacional COVID-19. O período de incubación é o tempo que transcorre entre a infección polo virus e a aparición dos síntomas da enfermidade. A maioría das estimacións respecto ao período de incubación da COVID-19 oscilan entre 1 e 14 días, e en xeral acomódanse ao redor de 5 días.

Os síntomas máis comúns inclúen febre ou febrícula, tose seca, dor ou proído de garganta, cansazo, dores musculares e sensación de falta de aire. Tamén son frecuentes a dor de cabeza, a perda do gusto e do olfacto, conxestión nasal, presión persistente no peito e síntomas dixestivos como diarrea e dor abdominal.

2. OBXECTIVOS

O presente documento recolle as medidas de prevención e hixiene fronte ao SARS-CoV-2 que, no momento da súa elaboración, as autoridades sanitarias consideran necesarias para o control da COVID-19.

Para o comezo do curso 2021-2022, elaboráronse as recomendacións sobre as Medidas de Prevención e Hixiene fronte á COVID-19 de forma participada con todos os axentes da comunidade educativa involucrados, a través dos seus representantes do Concello e/ou outras administracións superiores.

3. MEDIDAS DE PREVENCIÓN BÁSICA

3. 1. Datos do centro

- 3. 1. 1. **Denominación:** Escola Municipal de Música Magariños
- 3. 1. 2. **Enderezo:** Av. Santa Minia, nº 70
- 3. 1. 3. **Código Postal:** 15865
- 3. 1. 4. **Teléfono de contacto:** 981509903
- 3. 1. 5. **Correo electrónico:** escolamusica@briondixital.org

3. 2. Membros do equipo COVID

- 3. 2. 1. **Membro 1:** Carlos Pintor Iglesias (Director).
- 3. 2. 2. **Tarefas asignadas:**
 - Nomear membros e suplentes no equipo covid.
 - Comunicación coa administración e co centro de saúde.
 - Coordinación do equipo covid.
 - Xestionar a adquisición do material de protección.

3. 2. 3. **Membro 2:** Jorge Rey Barca (Xefe de estudos)

- 3. 2. 4. **Tarefas asignadas:**
 - Tarefas administrativas (planos das aulas e croques dos pupitres).
 - Garantir a difusión da información a toda a comunidade educativa.



- Poñer en marcha a coordinación da Aula virtual da Escola.

3. 2. 5. Centro de saúde de referencia

O centro de saúde de referencia para a Escola Municipal de Música Magariños é o Centro de Saúde de Brión, con teléfono 981887701 sito en paseo de Pedrouzos, s/n, 15865 Pedrouzos, A Coruña.

3. 3. Espazo de illamento

Ante a detección de síntomas compatibles con infección por SARS-CoV-2 nun alumno/a, durante a estancia no centro ou á chegada ao mesmo, contactarase coa súa familia ou persoa de referencia que deberá presentarse no centro á maior brevidade. Unha persoa da familia solicitará consulta telefónica co seu pediatra ou o seu facultativo que valorará a consulta presencial e a solicitude dunha proba diagnóstica. Habilitarase, dende o inicio do curso, un espazo específico de uso individual no centro para illar a aquelas persoas nas que se detecten síntomas mentres non se xestiona o seu traslado.

O espazo escollido para este cometido é o despacho de Secretaría, un espazo sito no primeiro andar que foi empregado como aula de estudo polos alumnos nas súas horas libres en cursos anteriores.

Dita aula dispón de ventilación natural, xel hidroalcohólico, solución desinfectante, panos desbotables, máscaras e papeleira con tapa.

3. 4. Determinación de grupos estables de convivencia

Os grupos estables de convivencia na Escola de Música veñen determinados polo número e o tipo de materias por curso que teñen os alumnos/as.

O Plan Educativo de Ensinos Musicais (PEEM) inclúe materias de agrupación instrumental e vocal nos que se mesturan alumnos/as de tódolos cursos e distintas especialidades. Polo tanto únicamente no Nivel I (alumnado de 3 a 7 anos) factible a determinación de ditos grupos. De todos os xeitos é de forma máis homoxénea nas agrupacións traballárase con desdobres.

3. 5. Medidas específicas para grupos estables de convivencia

Os grupos estables de convivencia terán as mesmas normas que o resto de alumnado do centro.

Por normal xeral, **o emprego de máscara será obrigatorio** dentro e fóra das aulas, é dicir, nos espazos comúns, corredores, escaleiras e na porta de entrada.

Dentro da aula establécense as seguintes medidas:

1. Os alumnos/as accederán ao centro e efectuarán unha **correcta hixiene de mans** nos dispensadores de xel hidroalcohólico que poderán atopar na entrada, nos espazos comúns e nas aulas.
2. Se é preciso que o alumno/a empregue a **pizarra**, realizarase una desinfección previa do xiz ou rotulador.
3. Todo o profesorado que entre na aula deberá empregar **máscara** e realizar una correcta desinfección de mans.
4. Manterase en todo momento una distancia mínima de **1,5 m**.
5. Sempre que sexa posible, os alumnos/as ocuparán os mesmos **pupitres** durante todo o curso para realizar una mellor trazabilidade dos contactos en caso de gromo.
6. Cando se use **material** susceptible de ser **compartido** lembraráselle ao alumnado a necesidade e importancia da hixiene de mans antes e despois de usar o material.



3. 6. Canle de comunicación co equipo COVID

As canles de comunicación para dar a coñecer ao equipo covid as incidencias, os casos de sintomatoloxía compatible por parte das familias e as ausencias de persoal docente e non docente serán as seguintes:

1. **Vía telefónica:** Teléfono de contacto do centro, do coordinador do equipo covid ou a súa suplente.
2. **Correo electrónico:** comunicación@briondixital.org

3. 7. Rexistro de ausencias

Ante a aparición de sintomatoloxía compatible coa COVID no profesorado, persoal non docente ou alumnado, non acudirán ao centro educativo e inmediatamente darán coñecemento ao equipo COVID.

A medición de temperatura ou a avaliación doutros síntomas compatibles coa COVID-19 será realizada de forma diaria antes de acudir á Escola de Música.

O persoal docente e non docente do centro educativo deberá realizar unha **auto enquisa** diaria de síntomas para comprobar que estes son compatibles cunha infección por SARS- CoV-2.

3. 8. Comunicación de incidencia ás autoridades sanitarias e educativas

O procedemento para comunicar as incidencias ás autoridades sanitarias e educativas será a seguinte:

1. Comunicación co coordinador do equipo covid.
2. Comunicación coa familia do afectado/a.
3. Chamada ao centro de saúde de referencia.
4. Comunicación coa Xefatura Territorial de Sanidade.

4. MEDIDAS XERAIS DE PROTECCIÓN INDIVIDUAL

4. 1. Acceso ao centro

Coa finalidade de xestionar adecuadamente o fluxo de visitantes á Escola de Música, impulsarase que os usuarios accedan de forma individual sempre e cando as circunstancias o permitan.

No que se refire aos usuarios non directos (país, nais, titores) só poderan acceder ao edificio de forma xustificada e baixo a supervisión do personal da Escola e con cita previa. Igualmente, deberán contar cos equipos de protección establecidos polas autoridades sanitarias coma obrigatorios ou recomendados. O seu incumprimento suporá a denegación de acceso ao edificio.

Se o alumno presenta síntomas compatibles con COVID-19 (febre, tose, sensación de falta de aire, diminución do olfacto e do gusto, calafríos, dor de garganta, dor de cabeza, debilidade xeral, dores musculares, diarrea ou vómitos) non debe acudir ao centro e ten que contactar co seu centro de Atención Primaria ou o teléfono de atención ao COVID-19 900 400 116 e seguir as súas instrucións. Antes de saír do domicilio terá que comprobar que non ten temperatura superior aos 37 °C.

As instrucións de acceso ao centro son as seguintes:

1. Non se pode acudir ao centro se se atopa en período de corentena domiciliar por ter contacto con algunha persoa con síntomas ou diagnosticado de COVID-19.
2. Non debe acudir ao centro educativo ata que lle confirmen que se finalizou o período de illamento.



3. Se estivo en contacto estreito (familiares, conviventes e persoas que tivesen contacto co caso, desde 48 horas antes do inicio de síntomas, a unha distancia menor de dous metros, durante un tempo de polo menos 15 minutos) ou compartiu espazo sen gardar a distancia interpersonal durante máis de 15 minutos cunha persoa afectada pola COVID-19, tampouco debe acudir ao centro educativo, mesmo en ausencia de síntomas, por un espazo de polo menos 14 días. Durante ese período débese realizar un seguimento por se aparecen signos da enfermidade por parte de Atención Primaria.
4. Antes de acudir á Escola, o alumno ou titor legal, no caso de ser menor de idade, deberá asinar unha declaración responsable (dispoñible na web do Centro) que remitirá por correo electrónico á dirección comunicacion@briondixital.org
5. O alumnado que presenta condicións de saúde que lles fan máis vulnerables para COVID-19 (como, por exemplo, enfermidades cardiovasculares, diabetes, enfermidades pulmonares crónicas, cancro, inmunodepresión ou hipertensión arterial), poderán acudir ao centro, sempre que a súa condición clínica estea controlada e permítalo, e mantendo medidas de protección de forma rigorosa.
6. A Escola publicara o horario da secretaría para procedementos administrativos, aínda que o acceso será individualizado e con cita previa.
7. Evitaranse as aglomeracións para o que se roga ser puntuais para acudir ás clases, á súa cita co profesor ou coa Secretaría da Escola.

4. 1. 1. Normas de acceso das distintas aulas

4. 1. 1. 1. Música e Movemento

1. O alumnado accederá acompañados por un único adulto tanto nas entradas como nas saídas.
2. O profesor recolleraos **SEMPRE DE FORMA PUNTUAL**.
3. De igual forma serán entregados na saída con 5 minutos de antelación sobre a hora marcada e **SEMPRE DE FORMA PUNTUAL** e un único adulto recolleraos.
4. Na entrada o profesorado comprobará a temperatura do alumno que non poderá superar os 37 °C. De todos os xeitos antes de saír de casa tamén se lle deberá comprobar a temperatura ao alumno.
5. Á entrada cada alumno terá que botar xel hidroalcohólico que proporcionará o profesorado.
6. O uso das máscara será obrigatoria a partir dos 6 anos (Música e Movemento 4º) e recomendable a partir dos 3 anos aos 5 anos.
7. As agrupacións infantís contarán con desdobres para non coincidir distintos grupos de idade distintos e que seran publicados na web da Escola como tamén no taboleiro do centro.

4. 1. 1. 2. Linguaxe musical, harmonía, agrupacións instrumentais e vogais

1. O alumnado accederá acompañados por un único adulto tanto nas entradas como nas saídas.
2. O profesor recolleraos **SEMPRE DE FORMA PUNTUAL**.

3. De igual forma serán entregados na saída con 5 minutos de antelación sobre a hora marcada e **SEMPRE DE FORMA PUNTUAL** e un único adulto recolleraos.
4. Na entrada o profesorado comprobará a temperatura do alumno que non poderá superar os 37 °C. De todos os xeitos antes de saír de casa tamén se lle deberá comprobar a temperatura ao alumno.
5. Á entrada cada alumno terá que botar xel hidroalcoholico proporcionado polo profesorado.
6. O uso das máscara será obrigatoria.
7. O profesor os guiará ata á aula mantendo as correspondentes distancias.

4. 1. 1. 3. Clases individuais de instrumento

1. O alumnado accederá acompañados por un único adulto tanto nas entradas como nas saídas.
2. O profesor recolleraos **SEMPRE DE FORMA PUNTUAL**.
3. De igual forma serán entregados **SEMPRE DE FORMA PUNTUAL** e un único adulto recolleraos.
4. Na entrada o profesorado comprobará a temperatura do alumno que non poderá superar os 37 °C. De todos os xeitos antes de saír de casa tamén se lle deberá comprobar a temperatura ao alumno.
5. Á entrada cada alumno terá que botar xel hidroalcoholico proporcionado polo profesorado.
6. O uso das máscara será obrigatoria.
7. O profesor os guiará ata á aula mantendo as correspondentes distancias.

4. 2. Permanencia no centro

Para a permanencia no centro as indicacións serán as seguintes:

1. É obrigatorio o uso de máscara en todo momento agás o alumnado menor de seis anos- 3, 4 e 5 anos que será recomendable-, non estando permitidas aquelas que dispoñan de válvula de exhalación. Recoméndase o uso de máscaras hixiénicas e cirúrxicas e de FFP2 para o profesorado.
2. Tentarase manter en todo momento a distancia mínima interpersoal de 1,5 metros.
3. Non é recomendable uso de luvas.
4. Utilizaranse preferiblemente as escaleiras para o que se manterán en todo momento abertas as portas principais de acceso á pranta baixa e primeira á Escola.
5. Só utilizaranse o ascensor en casos xustificados, de forma individual, con máscara de protección, evitando tocarse a cara e debendo desinfectarse as mans despois do seu uso. Priorizarase o seu uso para as persoas con mobilidade reducida e o seu acompañante, se fose necesario.
6. É obrigatorio respectar a cartelería e as direccións marcadas para o acceso, e circulación no Centro.
7. Limitarase ao máximo o intercambio de documentación en papel e todos os usuarios deberán traer o seu propio material funxible (bolígrafos, lapis...) Devandito material non se facilitará na Secretaría do Centro.



8. É recomendable non manterse parado en zonas de paso.
9. Cando o uso dos aseos estea permitido por visitantes ou usuarios, a súa ocupación máxima será dunha persoa, salvo naqueles supostos de persoas que poidan precisar asistencia, nese caso tamén se permitirá a utilización polo seu acompañante. Para a súa utilización deberá informar ao profesor para a súa desinfección. Ademáis, de forma regular os servizos de limpeza do Concello realizarán unha limpeza integral.
10. É obrigatorio levar a cabo a hixiene de mans de forma frecuente e meticulosa, durante polo menos 40 segundos con auga e xabón.
11. Evitar tocarse o nariz, os ollos e a boca, xa que as mans facilitan a transmisión.
12. Ao toser ou esbirrar, cubrir a boca e o nariz co cúbado flexionado.
13. Usar panos desechables para eliminar secrecións respiratorias e tiralos tras o seu uso.

4. 3. Estancia nas Aulas

As aulas durante a estancia do alumnado presentará os seguintes aspectos:

1. En cada aula haberá pulverizador desinfectante (auga e lixivia), papel, xel hidroalcohólico para as mans e papeleira.
2. Na medida do posible, hase de manter a aula ventilada durante as clases evitando correntes de aire.
3. En todo caso, é obrigatorio ventilar durante polo menos 10 minutos, ao comezo/finalización da xornada e entre clases.
4. Compartiranse materiais só cando sexa estritamente necesario, nese caso, é importante facer énfase nas medidas de hixiene.
5. Naquelas clases nas que se compartan o instrumento (p.e. piano), haberá que dedicar un par de minutos cos alumnos, antes e despois da sesión, á desinfección do mesmo: pulverizador desinfectante (auga e lixivia) e papel.
6. O centro manterá as aulas debidamente ordenadas e despexadas de calquera material para evitar a súa posible contaminación e facilitar a limpeza.

4. 4. Clases segundo a especialidade

4. 4. 1. Canto

Prestando moita atención ás medidas de seguridade (distancia de 3 metros e cumprimento das condicións ambientais como a amplitude da aula e 10 minutos de ventilación entre clases) redúcese así o risco de contaxio. Para elo empregárase tamén unha mampara entre o profesor e o alumno.

4. 4. 2. Canto coral

No caso do canto coral, os fundamentos fisiolóxicos da inspiración e espiración profundas son os mesmos descritos anteriormente. Segundo as últimas investigacións, é suficiente que se respectan 2 metros de distancia entre os/as coreutas. As salas de ensaio deberían ser o máis amplas posibles e minuciosas e regularmente ventiladas. O número máximo de participantes

debe respectar as prescricións actuáis. Para elo tamén haberá seccionais para un traballo para reducir o ratio de alumnos por aula.

4. 4. 3. Instrumentistas de vento

A rega é comparable á das clases individuais de canto. A análise exacta das arriba mencionadas medidas será actualizado segundo os estudos que se fagan para cada instrumento de vento de forma individual. Para elo empregárase una mampara entre o profesor e o alumno. Para elo tamén haberá seccionais para un traballo para reducir o ratio de alumnos por aula.

4. 4. 4. Ensembles de vento

Os ensembles de vento poden estar compostos por diferente número de integrantes. O tope máximo debe obedecer ás prescricións actuais. En xeral deberíase respectar, segundo as últimas investigacións, unha distancia de 2 metros entre os instrumentistas de vento, xa que a esa distancia non se produciu, nas últimas medicións, un movemento adicional do aire no ambiente. As salas de ensaio deberían ser o máis amplas posible, e deberíanse ventilar de maneira concienzuda e frecuente. Para elo tamén haberá seccionais para un traballo para reducir o ratio de alumnos por aula.

4. 4. 5. Instrumentistas de teclado

No caso dos pianistas, existe risco de contaxio por contacto se varios pianistas tocan un detrás do outro o mesmo instrumento. Antes de comezar, cada pianista debe realizar un lavado de mans durante polo menos 30 segundos. Ademais, as teclas deberían ser limpadas con toallitas antes e despois da execución de cada alumno.

4. 4. 6. Instrumentos de corda fregada e pulsada e instrumentos de percusión

No caso do traspaso ou utilización conxunta de instrumentos o risco de contaxio por contacto debería ser reducido da mesma maneira que cos pianistas.

4. 4. 7. Música de cámara / Grupos de música

En formacións mixtas de música de cámara ou grupos de música é suficiente, segundo nas últimas investigacións, manter unha distancia de polo menos 2 metros no caso dos ventos e cantantes, e de 1,5 metros no caso do resto de instrumentistas. As salas de ensaio deberían ser o máis grandes posibles e regularmente ventiladas. O número máximo de participantes debe corresponderse coas recomendacións actuáis.

4. 4. 8. Banda de Música

No caso da Banda de Música é suficiente, segundo as últimas investigacións, unha distancia mínima de 2 metros entre os instrumentistas de vento e de 1,5 metros para os demais executantes. As salas de ensaio deben ser grandes e ventiladas regularmente. Para elo tamén haberá desdoubles para o traballo da agrupación e para reducir o ratio de alumnos por aula.

4. 4. 9. Especialidades teóricas

Nas clases colectivas teóricas, as mesas individuais deberán estar separadas cunha distancia de 1,5 metros. Antes de comezar, cada alumno debe realizar un lavado de mans durante polo menos 30 segundos ou con xel hidroalcolíco.

4. 5. Concertos e audicións

Os principios básicos de funcionamento seguro nas actividades musicais (concertos e actuacións) son:

1. Asegurar o cumprimento do distanciamento físico de seguridade (1,5 metros).
2. Uso correcto de máscara, cando non se garanta a distancia de seguridade entre as persoas.
3. Obrigada cumprimento das medidas de prevención: lavado frecuente e meticuloso de mans; evitar tocar ollos, nariz e boca; e medidas de etiqueta respiratoria (cubrir boca e nariz coa flexura do cóbado en esbirros e usar panos desechables).
4. Limpeza e desinfección de salas de ensaio, espazos comúns e instalacións.
5. Illamento das persoas contaxiadas e vulnerables.
6. Aforo limitado e restrinxido no acceso.

En relación ao espazo físico:

1. Débense ventilar de forma diaria as instalacións para utilizar como mínimo durante cinco minutos, antes do inicio das actividades.
2. De maneira xeral, se é posible, manter a temperatura do local entre 23 e 26 °C.
3. Reforzar a limpeza dos filtros de aire e aumentar a ventilación dos sistemas de climatización, NON utilizar ventiladores.
4. Arbitrar a limpeza e desinfección das instalacións.
5. Poñer especial énfase en superficies, pomos das portas, mesas de uso común, lavabos, chans, teléfonos e outros utensilios de uso compartido, etc. Poden utilizarse deterxentes habituais ou lixivia de uso doméstico diluída en auga, extremándose as medidas de protección do persoal de limpeza a axentes químicos. Estes virus se inactivan tras poucos minutos de contacto con desinfectantes comúns como a dilución recentemente preparada de lixivia (concentración de cloro 1 g/ L, preparado con dilución 1:50 dunha lixivia de concentración 40-50 gr/ L). Poderán utilizarse os virucidas autorizados.
6. Nas zonas de concerto e paso manter sempre que sexa posible as portas de acceso abertas, mediante cuñas ou outros sistemas, para evitar o contacto das persoas coas manillas e pomos.
7. Habilitar e sinalizar sentidos de circulación para evitar coincidencias en entradas e saídas das persoas.
8. Aplíquelos das luces, botóns de ascensores, varandas e pasamanos serán tamén obxecto de atención e limpeza, ademais de recomendar no posible, a precaución ao utilízalos.
9. Procuráanse papeleiras con tapa e pedal ou polo menos, dobre bolsa de lixo para os panos desechables.
10. Na configuración da zona de interpretación musical ou coral a separación mínima será de 2 metros, entre calquera dos seus membros, así como entre intérpretes e outros (director/a, abanderados/ as, axudantes para paso de partituras, etc...). En caso de non poder garantir esta

distancia deberase utilizar máscaras, polo que en instrumentos de vento, metal e outros con embocadura, a distancia será un factor prioritario e limitante de uso.

11. Planificar a distribución e localización dos instrumentos segundo repertorio para evitar cruces de intérpretes.
12. Acceso controlado ás salas de concerto para controlar os tumultos de persoas e durante o proceso de atención e acomodación, gardarase entre os traballadores de sala e o público a distancia de seguridade fixada polas autoridades sanitarias.

5. APARICIÓN DE SINTOMATOLOXÍA

No caso de aparición de sintomatoloxía deberanse ter en conta os seguintes aspectos e segundo o Plan de Continxencia da Escola de Música fronte á COVID-19:

1. Cando un alumno inicie síntomas ou estes sexan detectados por persoal do centro durante a súa xornada escolar, levaráselle á sala Administración Xeral ata que cheguen os seus proxenitores ou titores. Avisarase á familia que debe contactar co seu centro de saúde ou co teléfono de referencia do SERGAS, para que se avalíe o seu caso.
2. As persoas traballadoras que inicien síntomas, retiraranse a un espazo separado e poñeranse unha máscara cirúrxica. Contactarán co seu centro de saúde ou co Servizo de Prevención de Riscos Laborais ou co teléfono de referencia do SERGAS e seguirán as súas instrucións.
3. No caso de percibir que a persoa que inicia síntomas está nunha situación de gravidade ou ten dificultade para respirar avisarase ao 112.
4. Se se presenta calquera sintomatoloxía (tose, febre, dificultade ao respirar, etc.) que puidese estar asociada coa COVID-19 non se debe acudir á actividade. Contactar co teléfono de atención á COVID-19 (900 400 116) e co centro de saúde asignado. Seguir as indicacións dos profesionais sanitarios.
5. Comunicar a situación co Servizo de Prevención de Riscos Laborais do seu traballo.
6. Non reincorporarse ás actividades cotiás ata a confirmación de ausencia de risco individual e non ser risco para o resto.

